MANUAL DE USO PARA O ALUMNADO

O recurso "**Women invisibility in the contemporary History"**, elaborado totalmente en inglés para o seu emprego nunha sección bilíngüe, organízase en catro secuencias didácticas que poderás traballar independientemente.

1. **Women exploring:** no contexto do imperialismo do século XIX, preséntache algunhas das mulleres exploradoras da época.
2. **Women fighting**: achega información sobre as mulleres que loitaron polos seus dereitos, especialmente polo dereito ao voto.
3. **Women working**: centrada nas chamadas *munitionettes* ,coma exemplo da masiva incorporación das mulleres ao traballo industrial na Primeira Guerra Mundial e as súas consecuencias.
4. **Women creating**: poderás coñecer os principais movementos artísticos desa época a través da obra de mulleres artistas.

Como podes ver, trátase de coñecer máis sobre o papel das mulleres na sociedade de finais do século XIX e principios do século XX, e sobre todo de reflexionar sobre a súa situación de discriminación.

A ferramenta coa que está realizado é moi sinxela, polo que che será fácil navegar a través do menú e realizar actividades directamente na interfaz. Moitas delas, coma exercicios de "verdadeiro ou falso", tests, encher ocos, o xogo do aforcado….ofrécenche a posibilidade de coñecer os teus erros e acertos directamente.

En cada secuencia, para algunhas tarefas que requiren un pouco máis de traballo pola túa parte, coma a realización de presentacións, encontrarás unha

rúbrica para que coñezas de antemán os criterios polo que será avaliado o teu traballo.

Cando navegues a través do recurso, terás información das imáxes colocando o cursor sobre elas, e atoparás moitos termos subliñados, é dicir, enlaces a sitios web ou videos para axudarche no teu traballo. Trátase de suxestións que che poden facilitar o acceso a outros recursos similares no caso de que así o desexes, ou ben porque os primeiros non continúan na rede.

O recurso está pensado para que, contando coa orientación do teu profesor ou profesora, poidas traballar de manera autónoma e, ao mesmo tempo, colaborar cos teus compañeiros realizando tarefas en grupo, intercambiando ideas e opinións.